

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2024 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes recollido na Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R).*

Os programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (Moves III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo están regulados polo Real decreto 266/2021, do 13 de abril, e foron convocados en Galicia pola Resolución do Inega do 26 de xullo de 2021, publicada no DOG núm. 149, do 5 de agosto.

A Resolución do Inega do 26 de xullo de 2021 pola que se convoca o Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Moves III) foi modificada pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG núm. 207, do 27 de outubro); pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG núm. 8, do 13 de xaneiro de 2022); pola Resolución do 13 de outubro de 2022 (DOG núm. 201, do 21 de outubro); pola Resolución do 12 de xuño de 2023 (DOG núm. 116, do 20 de xuño); pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (DOG núm. 243, do 26 de decembro); pola Resolución do 6 de xuño de 2024 (DOG núm. 115, do 14 de xuño); pola Resolución do 16 de xullo de 2024 (DOG núm. 142, do 23 de xullo); pola Resolución do 18 de xullo de 2024 (DOG núm. 146, do 30 de xullo); pola Resolución do 6 de setembro de 2024 (DOG núm. 176, do 12 de setembro) e pola Resolución do 25 de outubro de 2024 (DOG núm. 212, do 4 de novembro). Conforme a Resolución do 18 de xullo de 2024, o prazo de presentación de solicitudes ampliouse ata o 31 de decembro de 2024.

O 24 de decembro de 2024 publicouse no BOE o Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia económica, tributaria, de transporte e de Seguridade Social, e se prorrogan determinadas medidas para facer fronte á situación de vulnerabilidade social entre as cales, na disposición derradeira décima, se amplía a vixencia do Real decreto 266/2021 ata o 30 de xuño de 2025.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 28 do Estatuto de autonomía, das facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican



as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

**RESOLVO:**

Primeiro. Modificar a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba para Galicia a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R), nos seguintes termos:

Un. O punto 3 do artigo 6 queda redactado como segue:

«3. Prazo para presentar as solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día hábil seguinte ao da publicación da presente convocatoria no DOG e finalizará cando remate a vixencia do programa Moves III en Galicia, o cal sucederá, segundo o recollido no artigo 4 do Real decreto 266/2021, o 30 de xuño de 2025.

Para solicitar a súa adhesión terán que cubrir e presentar o formulario de adhesión (anexo I)».

Dous. O punto 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9:00 horas do día 13 de setembro de 2021 e finalizará cando remate a vixencia do programa Moves III en Galicia, o cal sucederá, segundo o recollido no artigo 4 do Real decreto 266/2021, o 30 de xuño de 2025».

Segundo. Esta modificación entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Pablo Fernández Vila  
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

